

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Declaración persoal laboral fixo -estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021): Limpador/a

ANUNCIO

DECLARACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN:

Limpador/a (2022/E001/000012)

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 23/2024, do 11 de xaneiro, **RESOLVEUSE:**

Primeiro.- De conformidade co establecido na Base Novena das bases que rexen as convocatorias, vista a proposta do Tribunal do seguinte proceso selectivo, e visto que o/a aspirante proposto/a acreditou posuír os requisitos esixidos nas Bases, acórdase **declarar persoal laboral fixo** do Concello de Vedra á seguinte persoa que superou o proceso selectivo convocado para a praza que se indica a continuación:

Apelidos e nome	NIF	Código RPT	Denominación das prazas	Grupo	Tipo de adscrición
M ^a Carmen Pérez Torres	***556***	4007	Limpador/a	V	Definitiva

Segundo.- A formalización do contrato do persoal laboral fixo efectuarase no prazo máximo dun mes a partir da publicación do anuncio desta resolución no **Boletín Oficial da Provincia**.

Terceiro.- Atendendo ao establecido na Base Décima das bases que rexen as convocatorias, as persoas que non superasen os procesos selectivos, incluíranse en bolsas de persoal laboral temporal específicas ou xa existentes, de acordo coas relacións propostas polos Tribunais, cos/as aspirantes que seguen aos/ás seleccionados/as para cada unha das prazas. Para a praza indicada só se presentou a persoa que superou o proceso selectivo, motivo polo que, non procede constituír ningunha bolsa de persoal laboral temporal.

Cuarto.- De conformidade coas Bases que rexen os procedementos selectivos, publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vedra.

Quinto.- Contra a presente resolución da Alcaldía poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC) e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro que os/as interesados/as estimen oportuno.

Vedra, 11 de xaneiro de 2024

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2024/226